**ANEXO III** 2020/CP/012

# CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

## AXUDA

| | | | |
|---|---|---|---|
| Referencia: Trust and Action (Grant Agreement 800829)<br>Título: Trust and Social Rehabilitation in Action – Trust and Action | | | |
| CENTRO: Facultade de Dereito | | | |
| OBXECTO DO CONTRATO: Investigación no marco do proxecto Action Grant Trust and Social Rehabilitation in Action – Trust and Action | | | |
| LUGAR E HORARIO: Facultade de Dereito. Horario, luns a xoves, de 9:30 a 14:30. | | | |
| GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: 1 | | | |
| CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)<br>Investigador asociado **X** — * Investigador en formación ☐ * Require matrícula programa doutoramento SUG<br>Técnico de apoio á investigación ☐ — Axudante de apoio á investigación ☐<br>Técnico administrativo ☐ — Axudante administrativo ☐ | | | |
| XORNADA | Tempo Completo: ☐ | Tempo Parcial: **X** | |
| DURACIÓN | 6 meses e 22 días | DATA APROX. DE INICIO | 16/03/2020 |
| RETRIBUCIÓNS BRUTAS: 1.066,60 €/mes | | | |
| PARTIDA ORZAMENTARIA: 6120280099 541A 6490200 | | | |

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)

## REQUISITOS

| |
|---|
| TITULACIÓN: Doutor en Dereito |
| EXPERIENCIA: Experiencia en tarefas de investigación<br>Experiencia de traballo en lingua inglesa en eidos académicos internacionais de ciencias xurídicas e sociais. |
| REQUISITOS: Os requisitos deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes. |

## LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

| |
|---|
| LUGAR: UADI Dereito, Facultade de Dereito, Campus de Elviña, s/n |
| PRAZO: 5 días desde a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica da UDC |

## ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

| |
|---|
| ÓRGANO: Investigadores sénior do proxecto (José Ángel Brandariz e Patricia Faraldo Cabana) |
| LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro oficial da Secretaría da Facultade de Dereito |

**A Coruña, 20 de xaneiro de 2020**

**O INVESTIGADOR PRINCIPAL**

**Asdo.:**

**Documentación que debe presentar o solicitante:**

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicados CCOO e CIG*


| Código Seguro De Verificación | FvAfeOfaGeL6xlMnNsjfPg== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Ángel Brandariz García | Asinado | 24/01/2020 11:43:13 |
| Observacións | | Páxina | 1/3 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/FvAfeOfaGeL6xlMnNsjfPg== | | |

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: QOPV1H5MDMRH7F11R4087EC8
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 31/01/2020 13:12:42 Página 1 de un total de 3 página(s).

# MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

O equipo de investigación ECRIM da Universidade da Coruña (www.ecrim.es) forma parte do consorcio de equipos de investigación de universidades europeas que ten obtido o proxecto *Action Grant Trust and Social Rehabilitation in Action – Trust and Action* (Grant No. 800829). O proxecto está financiado pola Comisión Europea, en concreto pola Dirección Xeral de Xustiza e Consumidores no marco do call JUST-AG-2017 (*Action grants to support transnational projects to promote judicial cooperation in criminal matters*). A duración do proxecto esténdese de 8/10/2018 ata 7/10/2020 (31/10/2020 para efectos de elaboración da memoria final) e o importe do financiamento é de 233.474€. O consorcio do proxecto está formado, ademais de pola UDC (ECRIM), pola *Università di Torino* (Italia, *leading partner*), pola *Associazione Amapola - Progetti per la sicurezza delle persone e delle comunità* (Italia), polo *Centrul Roman de Politici Europene* (Romanía) e polo *Ministro della Giustizia* de Italia.

O proxecto de investigación analiza, no marco comparativo de tres países (Italia, Romanía e España), a efectiva aplicación de dúas decisións marco que, baseadas no principio de recoñecemento mutuo, pretenden mellorar a cooperación entre estados membros da UE en asuntos penais: a decisión marco referente a persoas sometidas a penas no privativas de liberdade (DM 2008/947/JAI) e a relativa a persoas sometidas a medidas cautelares (DM 2009/829/JAI).

A persoa contratada desenvolverá, ante todo, tarefas de carácter investigador, consistentes na análise, documental e con traballo de campo, dos niveis de aplicación das mencionadas decisións marco no contexto español. Estas tarefas investigadoras consistirán substancialmente na preparación de informes e artigos académicos, na presentación de comunicacións en congresos e na participación nas reunións internacionais do proxecto. Asemade, deberá desenvolver tamén tarefas organizativas, orientadas a xestionar a implicación no proxecto dos diferentes sectores profesionais que son obxectivo da investigación. Xunto a iso, a persoa contratada deberá levar a cabo tarefas de preparación de materiais docentes sobre as dúas decisións marco, que constitúen un dos principais resultados do proxecto.

**Duración do contrato:**

A duración do contrato será de 6 meses e 22 días, ata o 7 de outubro de 2020.

**Documentación a presentar:**

As persoas interesadas deberán presentar unha solicitude, na que se detallarán os méritos correspondentes aos diferentes apartados seguindo o mesmo esquema e os conceptos indicados na seguinte táboa de valoración. Deberán indicarse as tarefas realizadas en cada posto de traballo e a duración deste.

Serán especialmente valorados os méritos referidos ás materias científicas do proxecto, sinaladamente, dereito penal, dereito procesual penal, criminoloxía, penoloxía e dereito penitenciario.

<u>**Documentación que debe presentar o solicitante:**</u>

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicados CCOO e CIG*

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: QOPV1H5MDMRH7F11R4087EC8
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 31/01/2020 13:12:42 Página 2 de un total de 3 página(s).

| Código Seguro De Verificación | FvAfeOfaGeL6xlMnNsjfPg== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Ángel Brandariz García | Asinado | 24/01/2020 11:43:13 |
| Observacións | | Páxina | 2/3 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/FvAfeOfaGeL6xlMnNsjfPg== | | |

## Criterios e valoración de méritos

| CONCEPTO | | PUNTUACION | MÁXIMO |
|---|---|---|---|
| **Experiencia en investigación en dereito e ciencias sociais** | Publicacións internacionais | 0,8 puntos por cada publicación internacional | 30 puntos |
| | Presentación de comunicacións en congresos internacionais | 0,5 puntos por cada presentación | |
| | Estadías de investigación internacionais | 0,3 puntos por mes de estadía | |
| **Experiencia investigadora en proxectos en dereito e ciencias sociais** | Experiencia investigadora en proxectos UE de I+D | 0,2 puntos por mes | 25 puntos |
| | Experiencia investigadora en proxectos de I+D estatais ou autonómicos | 0,1 puntos por mes | |
| **Experiencia de xestión en proxectos en dereito e ciencias sociais** | Experiencia en xestión de proxectos UE de I+D | 0,2 puntos por mes | 10 puntos |
| | Experiencia en xestión de proxectos de I+D estatais ou autonómicos | 0,1 puntos por mes | |
| **Coñecemento de idiomas** | Experiencia en emprego do inglés en eidos académicos internacionais de ciencias xurídicas e sociais.<br>Os/as candidatos/as con maior puntuación nos apartados anteriores realizarán unha proba oral en inglés para avaliar a mencionada experiencia.<br>Os requisitos mínimos de referencia son nivel B2 e historial de emprego da lingua como usuario/a activo/a en reunións, seminarios e congresos académicos. | | 10 puntos |
| | Experiencia en emprego do italiano e/ou do romanés en eidos académicos internacionais de ciencias xurídicas e sociais.<br>Os/as candidatos/as con maior puntuación nos apartados anteriores realizarán unha proba oral en italiano e/ou romanés para avaliar a mencionada experiencia.<br>Os requisitos mínimos de referencia son nivel B2 e historial de emprego da lingua como usuario/a activo/a en reunións, seminarios e congresos académicos. | | 5 puntos |
| **Entrevista persoal** | Entrevista persoal aos/ás candidatas/os con maior puntuación nos apartados anteriores | | 15 puntos |

**Documentación que debe presentar o solicitante:**

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicados CCOO e CIG*

| Código Seguro De Verificación | FvAfeOfaGeL6xlMnNsjfPg== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Ángel Brandariz García | Asinado | 24/01/2020 11:43:13 |
| Observacións | | Páxina | 3/3 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/FvAfeOfaGeL6xlMnNsjfPg== | | |

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: QOPV1H5MDMRH7F11R4087EC8
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 31/01/2020 13:12:42 Página 3 de un total de 3 página(s).